

O AMOR É MÁIS FORTE CAS BOMBAS

90

[Joachim Trier, 2015]

ESTREA EN NUMAX: 04.03.2016 | V.O.S.E. | +12

FICHA TÉCNICA

Louder Than Bombs (2015, 109')

Dirección: Joachim Trier

Guión: Joachim Trier, Eskil Vogt

Reparto: Jesse Eisenberg, Gabriel Byrne, Isabelle Huppert, David Strathairn, Rachel Brosnahan, Devin Druid, Amy Ryan, Ruby Jerins

Montaxe: Olivier Bugge Coutté

Dirección de arte: Gonzalo Córdoba

Son: Gisle Tveito

Música: Ola Fløttum

Fotografía: Jakob Ihre

Produtora: Motlys (Noruega), Nimbus Film Productions (Dinamarca), Arte France Cinéma, Memento Films Production (Francia), Animal Kingdom, Beachside Films, Bona Fide Productions (Estados Unidos)

Distribuidora: Golem

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

FILMOGRAFÍA

Oslo, 31 de agosto, 2011

Reprise, 2006

Procter, 2002 [curtametraxe]

Still, 2001 [curtametraxe]

PREMIOS E FESTIVAIS

Festival de Cannes 2015, sección oficial. Festival de Cinema de Estocolmo 2015, mellor filme.

SINOPSE

Unha exposición da obra da fotógrafa de guerra Isabelle Reed (Isabelle Huppert) tres anos despois da súa prematura morte, leva ao seu fillo maior de volta á casa familiar. Alí ha pasar tempo co seu pai Gene e o seu irmán menor. Gene tentará estreitar lazos cos seus fillos mentres eles loitan por reconciliar os seus sentimentos cara á súa falecida nai, á que lembran de maneira diferente.

«Agradécese a aposta estilística baseada na busca dun espectador intelixente que poida gozar das pistas que a historia lle suxire»

Àngel Quintana.

CAIMÁN CUADERNOS DE CINE



O AMOR É MÁIS FORTE CÁS BOMBAS

[Joachim Trier, 2015]

Entrevista con Joachim Trier

Por Jon Asp

Atopámonos ante un novo proxecto ambicioso na túa obra que non emprende o estudo dun só personaxe senón que aborda unha familiar enteira. Tiñas toda a historia na mente desde o comezo? Case ao contrario. Eskil [Vogt, co-guionista] e máis eu traballamos a partir de escenas, momentos e ideas visuais, e logo o argumento agroma de seu. No caso de *Máis forte cás bombas* queriamos facer unha caste de filme que tratase sobre a familia, cun estudo de personaxes ao xeito dos filmes dos anos 70 e 80, coma os de Woody Allen, *Kramer contra Kramer* [Robert Benton, 1979] ou mesmo os de John Hughes. Sei que son referencias estrañas e a xente probabelmente pense que debera citar a Antonioni ou Tarkovsky, mais realmente formeime nunha tradición máis humorística. Sempre admirei a un tipo coma Paul Mazursky, a humanidade na comedia e a traxedia da vida que se esgota.

Os elementos literarios, desde os personaxes novelados até os diarios como base para a montaxe das escenas, fan parte do teu proceso de filmación. Coidas que es un cineasta literario?

Emprego a literatura porque a novela é, tal e como a coñecemos hoxe, unha das formas máis libres de narración. Mais non quero que se perciban os meus filmes coma se fosen novelas. Crieime escoitando punk e hip hop polo que a música é tamén incrivelmente importante para min, para acadar unha mestura entre a liberdade formal que vén do jazz e a actitude punk, que fala de facer as cousas por un mesmo e non obedecer as normas. Daquela, cando me refiro á literatura é porque coido que o cinema nos impón un exceso de normas, que debemos centrarnos nun personaxe, introducir unha serie de puntos de inflexión, e así sucesivamente. Coido que é interesante explorar, experimentar con outros elementos.

O título procede do clásico tema de The Smiths ou é unha metáfora da vida diaria como fotógrafa de guerra da personaxe interpretada por Isabelle Huppert? Coido que buscabamos un título que ilustrase o inconmensurábel

dos pequenos e os grandes problemas da vida e, dalgún xeito, levounos a esta interesante solución. Mais por suposto que son consciente do título de The Smiths, e o feito de que Morrissey o colleu dun poema de Elisabeth Smart chamado *Na grande Estación Central senteime e chorei* [By Grand Central Station I Sat Down and Wept]

Con cantas das relacións familiares disfuncionais que aparecen no filme te atopas persoalmente relacionado?

Penso que cando incluimos un personaxe ten que haber algo que resoe en Eskil e en min cando o escribimos. Non tentamos sobre-analizalo mais por suposto que, dun xeito indirecto, hai temas que se relacionan con sentimentos profundos que temos experimentado. Mais non son necesariamente filmes biográficos, mesmo se os temas son deseñados a partir de experiencias persoais.

Sentiches que a contorna dunha familia americana era a máis apta para representar esta caste de dor e ausencia de comunicación ou poderías ter situado o filme noutro lugar? Non,

trátase dun escenario particular que comecei a explorar. Por exemplo, a vida dos institutos dos Estados Unidos é moi diferente da dos escandinavos. Mesmo cando compartimos o sentido de non pertenza, porque é un sentimento común, tentamos sempre atopar un marco específico para chegar a unha experiencia universal. Mais foi divertido facelo nos Estados Unidos, o cheiro das follas de outono, o ruído de Nova York que é case un símbolo do propio cinema americano retrotraéndonos a *Kramer contra Kramer*, *Gente corriente* [Robert Redford, 1980] ou Woody Allen. Foi entretido tentar facer a miña versión de todo iso. Busquei ese sentimento que agroma cando unha desas historias de familia americana aparece e impáctanos a todos, como por exemplo *La tormenta de hielo* [Ang Lee, 1997]. É case coma un xénero que coido que agora se trasposou ás series de televisión e teño moita curiosidade por exploralo en forma de longametraxe. É posíbel crear un multipersonaxe e esa caste de historia fragmentada para a pantalla grande? Esa é unha das cuestións de *Máis grande cás bombas*. E coido que é posíbel. Ou iso espero.

Extraído de: <http://variety.com/2015/film/global/haugesund-joachim-trier-louder-than-bombs-american-actors-1201575467/>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA NOSA LIBRARÍA

Isabelle Huppert: la femme aux portraits.
Patrice Chéreau, Elfriede Jelinek. Seuil, 2005

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org